

# Cociña

# IKEA

Información  
sobre a garantía

25

10

5

Electrodomésticos, vertedoiros,  
billas, mesados, estruturas, frontes e  
accesorios interiores fixos



A vida diaria é moi esixente coa cociña; por iso, sempre probamos as nosas con meticulosidade, para garantir que poidan aturar cargas pesadas, temperaturas elevadas e o desgaste cotián.

Ofrecemos unha garantía de 25 anos que cobre os defectos nos materiais e na calidade do sistema de cociñas METHOD. Ofrecemos unha garantía de dez anos que cobre os defectos nos materiais e na calidade dos accesorios e estruturas abertas ENHET. Tamén ofrecemos unha garantía de cinco anos que cobre os defectos nos materiais e na calidade do sistema de cociñas KNOXHULT. Todas as billas de cociña IKEA inclúen unha garantía de dez anos, mentres que os electrodomésticos IKEA teñen unha garantía de cinco.

A garantía é válida para un uso doméstico da cociña e está

**25**

O sistema de cociñas METHOD  
ofrece unha garantía de 25 anos.

**10**

As billas de cociña ENHET e IKEA  
ofrecen unha garantía de dez anos.

**5**

O sistema de cociña KNOXHULT  
e os electrodomésticos IKEA  
ofrecen unha garantía de cinco anos.

# Vertedoiros, mesados, frontes, armarios e caixóns de cociña

## **Canta validez ten a garantía?**

A garantía é válida durante o número de anos que se indica, dende a data de compra. Cómpre ter o ticket de compra orixinal a modo de comprobante.

## **Que cobre esta garantía?**

A garantía cobre os defectos nos materiais e na calidade que xurdan, exclusivamente, dun uso doméstico.

## **25 anos de garantía**

Esta garantía cobre as seguintes partes do sistema de cociñas METHOD:

- Armarios (agás VADHOLMA e TORNVIKEN)
- Frontes
- Bisagras UTRUSTA
- Caixóns MAXIMERA que se abren por completo
- Caixóns KNIVSHULT que se abren por completo
- Frontes de caixón KNIVSHULT e UTRUSTA
- Baldas UTRUSTA
- Superficie de traballo extraíble, despensa extraíble, accesorio interior de limpeza, accesorios extraíbles e carruseis UTRUSTA
- Patas e zócolos
- Paneis laterais
- Molduras
- Mesados e paneis de parede
- Vertedoiros (agás os vertedoiros FYNDIG)

## **Garantía de dez anos**

Esta garantía cobre as seguintes partes de ENHET:

- Estruturas abertas
- Patas
- Accesorios (andel xiratorio, guía para ganchos e ganchos)

E

- Cociña pequena ÄSPINGE
- Cociña pequena ÖNNERUP
- TORNVIKEN
- Mobiliario e armario de cociña VADHOLMA
- Cesto de reixa UTRUSTA

## **Cinco anos de garantía**

Esta garantía cobre as seguintes partes do sistema de cociñas KNOXHULT:

- Armarios
- Frontes
- Bisagras
- Caixóns
- Estantes
- Mesados
- Apertura a presión UTRUSTA eléctrica

## **Produtos que non están protexidos polas garantías de 25, 10 ou 5 anos:**

Pomos, tiradores, cociña SUNNERSTA e vertedoiro FYNDIG.

## **Que fará IKEA para arranxar o problema?**

IKEA examinará o produto e decidirá, segundo o seu propio xuízo, se o cobre a garantía. Se considera que está cuberto, IKEA empregará os seus propios servizos de mantemento como considere oportuno para reparar o produto defectuoso ou substituílo con outro igual ou semellante. Se o produto goza da cobertura da garantía, IKEA asumirá os custos que sexan necesarios no tocante á reparación, as pezas de reposto, a man de obra e os desprazamentos do equipo encargado de realizar a tarefa, sempre que o produto se poida reparar sen incorrer nun desembolso especial. Isto non afecta ás reparacións que IKEA non autorízase. As pezas substituídas pasan a ser propiedade de IKEA.

Se o artigo xa non se vende nas tendas, IKEA fornecerá unha alternativa axeitada. É IKEA quen determina, segundo o seu propio xuízo, que se considera unha alternativa axeitada.

## **Servizo posvenda**

Co obxectivo de proporcionar produtos funcionais que satisfagan as túas necesidades e expectativas, renovamos a nosa gama de produtos cada ano. Ofrecemos un servizo posvenda de dous anos para as túas frontes de caixón e portas de cociña IKEA.

É dicir, que é posible complementar a cociña con portas, frontes de caixón, zócolos, molduras e paneis laterais —sempre que haxa existencias— ata dous anos despois de que estes produtos deixen de formar parte da gama. Podes ter a seguranza de que faremos todo o que estea nas nosas mans para que goces da túa cociña IKEA.

## **Que non cobre esta garantía?**

Esta garantía non cobre o desgaste, os cortes nin as rascadelas producidos polo paso do tempo, nin os danos causados por golpes ou accidentes.

Esta garantía non afecta aos produtos que se gardaron, montaron ou instalaron de xeito incorrecto, aos que se empregaron como non era debido, aos que sufriron modificacións nin aos que se limparon con métodos pouco axeitados ou con produtos de limpeza desaconsellados.

Esta garantía non cobre os danos fortuítos nin os indirectos.

### **Instrucións de montaxe e mantemento**

Para gozar da protección destas garantías, cómpre seguir as instrucións de coidado específicas de cada produto. Podes atopar as instrucións de montaxe e mantemento en [IKEA.com](http://IKEA.com).

### **Instalación**

O mobiliario de COCIÑA debe fixarse á parede. Asegúrate de que as paredes da cociña poidan soportar o peso dos mobles, pois é posible que unha instalación deficiente provoque danos ou lesións. Se tes dúbidas sobre a instalación, contacta cun profesional. Hai diversos materiais de parede dispoñibles, polo que non se inclúen parafusos de fixación á parede. Se precisas consellos sobre o sistema de parafusos axeitado, ponte en contacto co teu distribuidor especializado local.

### **Seguranza e conformidade**

O sistema de cociñas METHOD, que inclúe armarios baixos, frontes de cociña, mesados, caixóns e bisagras, desenvolveuse e avalíase de acordo cos requirimentos de calidade e probas das normas europeas pertinentes (EN 14749, EN 16122 e EN 12720). Os mesados probáronse de acordo coas normas EN 12721 e EN 12722. Así mesmo, todos estes produtos probáronse de acordo con requirimentos específicos de IKEA co obxectivo de fornecer unha garantía de 25 anos.

As normas europeas sinalan como deben enfocarse os requirimentos sobre deseño estrutural, forza mecánica, seguranza e produción na Unión Europea (UE).

### **Aplicación da lexislación nacional, provincial e estatal**

Esta garantía ofrece dereitos legais específicos, que se suman aos teus dereitos estatutarios.

### **Método de contacto en caso de precisar axuda**

Contacta coa tenda IKEA que teñas máis preto. Atoparás o enderezo e o número de teléfono da tenda pertinente en [www.IKEA.com](http://www.IKEA.com).

# Billas de cociña

## **Canta validez ten a garantía?**

A garantía das billas de cociñas interiores adquiridas en IKEA ten unha validez de dez (10) anos dende a data de compra. Cómpre ter o tícket de compra orixinal a modo de comprobante.

## **Que billas de cociña non están amparadas por esta garantía?**

A billa para exterior KALLSJÖN ten dous (2) anos de garantía, que comezan a contar dende o momento da compra.

## **Que cobre esta garantía?**

A garantía de dez anos é válida para todas as billas de cociña en IKEA. A garantía cobre os defectos nos materiais e na calidade de todas as billas de cociña que xurdan, exclusivamente, dun uso doméstico. As nosas billas de cociña sométense a probas moito máis esixentes que as requiridas polas normas internacionais relevantes, e só empregamos compoñentes de gran calidade para cumprir a promesa dos dez anos de garantía.

Esta garantía non cobre o desgaste, os cortes nin as rascadelas producidos polo paso do tempo, nin os danos causados por golpes, accidentes ou elementos daniños contidos na auga. Tampouco cobre o filtro/aireador, que debe limparse con regularidade ou substituírse en caso de desgaste.

Sigue as nosas instrucións de montaxe e mantemento con detemento. Esta garantía non afecta aos produtos que se gardaron, montaron ou instalaron de xeito incorrecto, aos que se empregaron como non era debido, aos que sufriron modificacións nin aos que se limparon con métodos pouco axeitados ou con produtos de limpeza desaconsellados.

A garantía de dez anos non é válida no caso de que se fixese un uso público dos produtos ou de que se empregasen no exterior ou en espazos con axentes corrosivos. Tampouco cobre os danos causados por accidentes.

## **Que fará IKEA para arranxar o problema?**

IKEA examinará o produto e decidirá, segundo o seu propio xuízo, se o cobre a garantía. Se considera que está cuberto, IKEA empregará os seus propios servizos de mantemento como considere oportuno para substituílo con outro igual ou semellante. Se o produto goza da cobertura da garantía, IKEA asumirá os custos que sexan necesarios no tocante ás substitucións, a man de obra e os desprazamentos do equipo encargado de realizar a tarefa, sempre que o produto se poida substituír sen incorrer nun desembolso especial. Isto non afecta ás tarefas que IKEA non autorizase. As billas substituídas pasan a ser propiedade de IKEA. Se o artigo xa non se vende nas tendas, IKEA fornecerá unha alternativa axeitada. É IKEA quen determina, segundo o seu propio xuízo, que se considera unha alternativa axeitada.



# Electrodomésticos

## **Canta validez ten a garantía?**

Esta garantía é válida durante cinco (5) anos dende a data de compra orixinal do electrodoméstico en IKEA. Os electrodomésticos TILLREDA e LAGAN teñen unha garantía de dous (2) anos, que é válida dende a data de compra orixinal.

Cómpre ter o ticket de compra orixinal a modo de comprobante.

O período válido da garantía do electrodoméstico ou das novas pezas que poidan ser necesarias non se ampliará aínda que se realicen tarefas de mantemento que estean incluídas na garantía.

## **Que cobre esta garantía?**

A garantía cobre os defectos do electrodoméstico orixinados por unha posible fabricación deficiente ou por materiais que xeran problemas dende o momento da compra en IKEA. Esta garantía só é compatible cun uso doméstico do artigo. As excepcións especificanse na sección "Que non cobre esta garantía?".

## **Que electrodomésticos están protexidos por esta garantía?**

A garantía gratuíta de cinco (5) anos é válida para todos os electrodomésticos de cociña IKEA e cobre os defectos nos materiais e a man de obra.

## **Que electrodomésticos non están protexidos por esta garantía?**

Os electrodomésticos das coleccións TILLREDA e LAGAN teñen unha garantía válida durante dous anos dende a data de compra.

## **Que fará IKEA para arranxar o problema?**

A empresa de servizos pertinente examinará o produto e decidirá, segundo o seu propio xuízo, se o cobre a garantía.

Se considera que está cuberto, a empresa de servizos pertinente empregará os seus propios servizos de mantemento como considere oportuno para reparar o produto defectuoso ou substituílo con outro igual ou semellante.

Durante o período de validez da garantía, estarán cubertos os custos asociados á resolución do problema (como reparacións, pezas, man de obra ou desprazamentos), sempre que sexa posible arranxar o electrodoméstico sen incorrer en desembolsos especiais.

De acordo con estas condicións, as directivas da UE (99/44/CE) e as normativas locais de cada zona son relevantes. As pezas substituídas pasan a ser propiedade de IKEA. Se a empresa de servizos pertinente repara ou substitúe o electrodoméstico segundo os termos desta garantía, volverá instalar o electrodoméstico reparado ou instalará a substitución, se fose preciso.



A operación está cuberta se é posible acceder ao produto con facilidade para reparalo. Se o produto está instalado nunha solución integrada pouco convencional, o cliente debe facer que o produto sexa accesible antes da visita da empresa de servizos.

### **Quen levará a cabo o servizo?**

A empresa de servizos pertinente ofrecerá o mantemento a través do seu conxunto de servizos ou dunha rede de socios de servizos autorizados.

### **Que non cobre esta garantía?**

- Danos deliberados ou causados por negligencias; danos provocados por ignorar as instrucións de funcionamento, por realizar unha instalación incorrecta ou por conectarse a unha voltaxe errónea; danos ocasionados por reaccións químicas ou electroquímicas, oxidación ou corrosión, ou por elementos daniños de orixe acuática (como os danos por exceso de cal nas tomas de auga), e danos ligados a condicións ambientais anómalas.
- Elementos que poden quedar sen batería, como pilas e lámpadas.
- Elementos decorativos que non cumpren unha función concreta e que non afectan ao uso esperado do electrodoméstico, como rascadelas e posibles discrepancias na cor.
- Danos accidentais ocasionados por substancias ou obxectos estraños, ou por limpar ou desatascar filtros, sistemas de drenaxe ou caixóns de deterxente.
- Danos aos seguintes elementos: bandexas e cestas para louza e cubertos, accesorios e vasos de cerámica; sifóns que subministran e drenan auga; xuntas; lámpadas e pantallas de lámpada; pantallas; pomos, molduras e as distintas partes dunha moldura (salvo que poida demostrarse que os devanditos danos responden a erros de fabricación).
- Situacións nas que o técnico non atope erros durante a súa visita.
- Reparacións que non realizase a nosa selección de provedores de servizos nin un socio contractual de servizos autorizado, ou nas que se empregasen pezas que non eran orixinais.
- Reparacións por mor dunha instalación defectuosa ou nas que non se tivesen en conta as especificacións.
- Uso do electrodoméstico nun contexto que non sexa doméstico (por exemplo, con fins profesionais).
- Danos durante o transporte. Se o cliente traslada o produto ao seu fogar ou a outro enderezo, IKEA non se fai responsable dos danos que poidan producirse durante o transporte. Porén, se é IKEA quen realiza a entrega do produto ao enderezo de destino do cliente, os posibles danos que sufra o produto durante a devandita entrega si estarán cubertos por IKEA (pero non por esta garantía). Para presentar reclamacións relativas a este último punto, o cliente ten que poñerse en contacto co servizo de asistencia de IKEA a través de [www.IKEA.xx](http://www.IKEA.xx).
- Custos asociados á instalación inicial do electrodoméstico IKEA.

Estas restricións non atinxen ao traballo impecable que leve a cabo un especialista cualificado coas nosas pezas orixinais para adaptar o

electrodoméstico ás especificacións de seguranza técnicas doutro país da Unión Europea.

**Aplicación das lexislacións nacionais**

Esta garantía ofrece dereitos legais específicos, que se suman aos teus dereitos estatutarios.



## Garda o ticket

É o comprobante da compra e serve para que a garantía sexa relevante. Se xorde algún problema ou o produto que adquiriches non che satisfai, ponte en contacto con IKEA en [IKEA.xx](https://ikea.xx)

